

INSTRUCCIÓN DA XERENCIA, DO 28 DE MAIO DE 2020, SOBRE O PERÍODO DE DISFRUTE DAS VACACIÓNS DE VERÁN DO ANO 2020

Na Resolución da Xerencia, do 30 de xaneiro de 2019, pola que se regula a xornada, o horario de traballo, as vacacións e a concesión de permisos e licenzas do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña, establécese no seu apartado cuarto que “as vacacións anuais gozaranse con carácter xeral entre os meses de xuño e agosto, e de xeito preferente durante o mes de agosto”.

No presente ano, por mor da crise sanitaria derivada do COVID-19 e da situación do estado de alarma vixente dende a aplicación do RD 463/2020, producíronse consecuencias na prestación do traballo presencial na Universidade da Coruña dende o 14 de marzo. Fundamentalmente, nos seguintes aspectos:

- fomento do traballo de xeito non presencial,
- incremento da flexibilización da xornada laboral,
- atención ás circunstancias de conciliación da vida familiar e laboral.

Nesta situación aplicáronse as seguintes normas:

- a RR, do 8 de maio de 2020, sobre o calendario de retorno progresivo á actividade presencial na Universidade da Coruña,
- a nota aclaratoria da Xerencia, do 22 de maio, sobre a avaliación de persoal vulnerable ao COVID-19 e a conciliación familiar da RR do 8 de maio de 2020,
- o Plan para a transición á nova normalidade, aprobado polo Consello de Ministros o 28 de abril de 2020, onde se regula a reincorporación nas distintas fases á nova normalidade.

Por todo isto, no presente ano increméntase a intensidade e a necesidade de que o persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña disfrute o seu período de vacacións anuais entre **o 15 de xullo e o 15 de setembro** (incluídos).

Só se poderán autorizar as vacacións fóra dese período, pola persoa que de ordinario autoriza no servizo/unidade as vacacións, en circunstancias moi excepcionais e previa solicitude e xustificación documental; debendo garantirse sempre a prestación do servizo.

Para garantir o cumprimento do antedito, cómpre que o calendario de vacacións do persoal de cada servizo/unidade administrativa estea pechado **antes do 30 de xuño**.

Asinado dixitalmente polo xerente da Universidade da Coruña.

Código Seguro De Verificación	3xu/uMeMFwp4pckOnPAgGw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	28/05/2020 11:40:35
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3xu/uMeMFwp4pckOnPAgGw==		

